

1. Líder

BASKET



AS LIGAS GALEGAS MÁIS LUCENSES

O baloncesto base provincial terá máis peso nas primeiras divisións tralos históricos ascensos ás máximas competicións autonómicas do Academia A Mariña CB Burela infantil feminino e CB Ría de Ribadeo, Suministros Carreira San Ciprián e Ensino Lugo cadete masculino

O Ensino está a 40 minutos da Liga Galega júnior masculina

A FASE FINAL XOGARASE ESTE SÁBADO NA ESTRADA, onde o cadro dirixido por Adrián González se medirá con Xiria nun encontro a cara ou cruz. O que gañe ascende, o que perda quedará fóra

MARÍN	ENSINO
63	92
Xogador	Xogador PTS
Sobreira	Eloy
Santos	Hugo M.
López	Mario
Blanco	Antón
Tomé	Alberto
Pereira	Cristian
Touriño	Hugo R.
Ribero	Sergio
Rodríguez	Jorge
Castro	Ollolui
	Dani
	Sebas

Un partido, corenta minutos ante Xiria, e de gañar o Durán Maquinaria Ensino Lugo masculino competirá esta tempada na Liga Galega júnior por primeira vez na súa historia.

O camiño empezou a principios de setembro coa fase de grupos na que os de Adrián González quedaron emparellados con Basquet Coruña, Seis do Nadal e Costa Ártabra. Un grupo de catro equipos no que se clasificaban os dous primei-

"PARTIDO DIFÍCIL DESDE EL PRIMER AL ÚLTIMO MINUTO, PERO LUCHAMOS CADA BALÓN Y SITUACIÓN. NOS QUEDA UN PASO, AÚN NO HEMOS TERMINADO" ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino Lugo

ros para os cruces, eliminatoria previa da fase final na que se coñecerán os dous equipos que competirán na máxima categoría.

Ensino debutou cunha clara vitoria en Ferrol ante Costa Ártabra, 42-96, e na segunda xornada puxo rumbo fixo aos cruces tras impoñerse na Coruña, 68-82. Un exceso de relaxación na última xornada ante Seis do Nadal propiciou a primeira e única derrota ata a data, 70-81. Un pinchazo que clasificou ao Ensino como segundo de grupo para enfrontarse cun primeiro doutro sector, neste caso Marín ao que a maioría de equipos querían evitar.

Xa en Santiago, o Ensino

quixo ser o protagonista desde os primeiros minutos e conseguiu un parcial inicial de 0-12 co que tomaron o mando no marcador, obrigando a pedir un tempo morto a Marín, a partir do que empezaron a reaccionar.

Con todo o acerto desde o tiro exterior por parte dos lucenses, a intensidade defensiva e claridade de ideas cun xogo fluído en ataque fixo que os de Adrián González se foran de novo no marcador.

A acumulación de faltas nos xogadores interiores acendeu a alerta no segundo tempo pero cun quinteto baixo, o Ensino mantivo baixo control a un Marín que buscou reaccionar á desesperada no

5

DÍAS PARA O ENCONTRO

O Ensino Lugo ten por diante unha semana de adestramentos para preparar da mellor forma a primeira gran final da tempada

4

PARTIDOS DISPUTADOS

polo Durán Maquinaria Ensino nesta fase de ascenso, con tres vitorias e unha derrota. O quinto será sen rede de seguridade

último parcial, pero os lucenses minimizaron os erros e secaron o ataque visitante cunha defensa que será unha das grandes bazas do equipo e a finalísima do próximo sábado ante Ortodox Baskit Xiria Artai.



Adrián González, adestrador do Durán Maquinaria Ensino

Xiria espertou do soño do ascenso ao Carferlo Viveiro

OS MARIÑAS QUEDARON ÁS PORTAS DA FASE FINAL polo ascenso á Liga Galega júnior masculina. Remataron primeiros de grupo con pleno de vitorias

VIVEIRO	XIRIA
33	49
Xogador	Xogador PTS
Luis	6
Pablo	Abelenda
Sergio	2
Brais	10
Xosé	14
David	2
Luis	3
Raúl	Fragoatero
Michael	Otero

Xiria evitou un duelo directo entre equipos lucenses por un posto na Liga Galega júnior masculina. A vitoria ante o Carferlo Viveiro en Santiago apeou da fase de ascenso ao conxunto dirixido por Sebas.

Pese a iso, a clasificación disputada polos mariños foi espectacular tras terminar primeiros do Grupo C no que quedaron



Os xogadores do Viveiro facendo piña tras un tempo morto nun partido desta tempada

encadrados.

Viveiro impúxose nos tres enfrontamentos. Empezou a fase de ascenso en casa cunha vitoria ante Rías Baixas, 75-54, levouse o triunfo en Betanzos, 59-68 e

clasificouse para os cruces de clasificación cunha axustada vitoria en casa ante Novobásket, 55-52.

O soño do ascenso fíxose un pouco máis real e o Carferlo presentouse en Santiago como primeiro

de grupo para medirse con Xiria nun cara ou cruz por estar na final four da fase de ascenso.

Xiria chegou aos cruces con dúas vitorias e unha derrota, pero a primeira fase xa era borrón e canta

nova.

Os nervios neste tipo de partidos son moitas veces determinantes, e o Carferlo Viveiro acusounos máis que o seu rival, sobre todo no primeiro cuarto en ataque, onde os mariños tiveron moitos problemas para circular o balón, saír da presión rival e para atacar a zona suscitada por Xiria.

Todo iso traducíuse nun parcial inicial de 6-13 nos primeiros dez minutos que obrigou ao Carferlo Viveiro a remar contracorrente con vantaxes para Xiria no marcador que roldaron os dez puntos ao longo de toda a primeira parte.

Tralo paso polos vestuarios no descanso, Viveiro xogou mellor e recortou distancias ata poñerse a seis puntos para encara o

"HASTA EL ÚLTIMO CUARTO TUVIMOS OPCIONES DE COMPETIR EL PARTIDO A PESAR DE NO TENER UN BUEN DÍA EN ATAQUE Y DE JUGAR ANTE UN EQUIPO SUPERIOR FÍSICAMENTE"

SEBAS - Carferlo Viveiro

último cuarto do encontro.

O Carferlo buscou a remontada, pero Xiria chegou máis fresco ao tramo final do encontro. Os mariños quedáronse en tan só 33 puntos, moi lonxe da anotación que realizaron nos tres primeiros encontros da fase de ascenso, e malia que en defensa estiveron a un bo nivel, encaixando tan só 49, o soño do ascenso esfumouse na penúltima escala.

3

VICTORIAS NO GRUPO C Os de Sebas iniciaron a fase de ascenso con pleno de vitorias no grupo no que quedaron encadrados con Novobásket, Rías Baixas e Betanzos



Lucas tras gañar a liña de fondo ante dous defensas



Alvaro encarando o aro rival ante a mirada de Adrián



Jorge a piques de lanzar a canastra entre dous defensas

O Estudiantes xa agarda na Final Four

TRALO PLENO DE VITORIAS NA FASE DE GRUPOS os de Pablo Abuín acceden como primeiros e poderán defender o título

ESTUDIANTES		COB	
	69		50
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Alvaro		Fernandez	
Anxo		Cervino	
Dani		Pardo	
Cabe		Fer	
Jorge		Ferreiro	
Diego		Parente	
Lucas		Sanchez	
Adrian		Escribano	
Pedro		Alonso	
Borja			

O Estudiantes Leyma Natura sacou praza para

"CUANDO PUDIMOS DEFENDER BIEN Y CORRER NOS MARCHAMOS CON SOLTURA EN EL MARCADOR"

PABLO ABUÍN - Estudiantes

a final four da Copa Galicia pola vía rápida tras impoñerse nos catro encontros disputados no Grupo B no que competiu con Tui, Culleredo, Sigaltec e COB, resolvendo todos os parti-

dos por vitorias para chegar á última xornada na que descansan cos deberes feitos.

Á espera da sede onde se dispute a F4, Estudiantes defenderá o título consecutivo a pasada tempada, precisamente ante o seu último rival e no mesmo escenario.

Pablo Abuín tomou as rendas do equipo esta tempada e ata a data os resultados falan por si sos.

Estudiantes iniciou o curso impoñéndose a Tui, 74-71, a Culleredo, 96-67, a Sigaltec 62-73 e a COB 69-50.

Ante Club Ourense Baloncesto Estudiantes foi de menos a máis. Os visitantes dominaron o primeiro cuarto con máis agresividade ante a falta de acerto local, que desencadeou nun 11-13 ao final do primeiro parcial.

No segundo Estudiantes aumentou o nivel defensivo

e impuxo un ritmo alto de xogo que non puido seguir Ourense, dándolle a volta ao marcador cun segundo parcial de 25-15 para chegar ao descanso con 36-28.

O ritmo volveu ser máis lento ao comezo da segunda parte, na que a ambos equipos custoulles ver aro con claridade, 11-8, mentres que nos últimos dez minutos, lonxe de relaxarse, Estudiantes

volveu meterlle unha marcha máis ao partido co que descolgou a Ourense definitivamente da loita polo partido.

Agora os celestes verán a última xornada desde a barreira sen competir, coñecerán ao seu rival en semifinais e a sede onde intentarán defender o título de Copa Galicia que recuperaron a pasada tempada tras impoñerse no Anexo a COB por un claro 108-76.



O celeste Diego a piques de finalizar unha entrada

Os equipos lucenses dependen dunha carambola na última xornada

ESTUDIANTES NECESITA DOUS RESULTADOS FAVORABLES e Ensino gañar Celta no Anexo para estar na F4 da Copa Galicia

ESTUDIANTES		BOSCO	
60		50	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Eva		Lorenzo	
Maria		Vadillo	
Sabela		Losada	
Yashina		Alonso	
Marta F.		Alvarez	
Silvia		Capela	
Claudia		Pérez	
Cristina		Pena	
Nuria		Sotelo	
Laura		Sigado	
Carla		Carnero	

Estudiantes Leyma Natura asinou dúas vitorias e unha derrota nunha semana na que o conxunto de Fernán Varela disputou tres encontros.

As celestes empezaron da mellor forma posible, impoñéndose a Ensino no derbi capitalino, e déronlle continuidade ante Bosco Salesianos. O domingo viaxaron a Santiago para selar o billete para a Final

"HA SIDO UNA SEMANA DURA, CON MUCHOS PARTIDOS, Y EL BALANCE GLOBAL ES POSITIVO. NOS QUEDA MUCHO TRABAJO, PERO TODO EL TIEMPO PARA PODER HACERLO"

FERNÁN VARELA - Estudiantes Leyma Natura

Four da Copa Galicia, pero sufriron unha derrota que deixa todo aberto de cara a unha última xornada na que as celestes descansan.

Para clasificarse necesitan dous resultados favorables: Que o Celta de Vigo gañelle ao Ensino en Lugo e que Bosco gañe a Rosalía en Ourense.

As matemáticas aínda din que Estudiantes pode estar na final four, pero as súas opcións pasan por estes dous encontros. O que si depende de si mesmo, e ata para pasar como primeiro, é o

Durán Maquinaria Ensino. O conxunto que dirixe Miguel López descansou nesta xornada e recibe na última ao Celta de Vigo en

Lugo. Unha vitoria lucense daríalles o pase, mentres que unha derrota déixalles sen opcións de disputar a final four da Copa Galicia.

En principio o partido ante o actual campión galego esta fixado para o vindeiro domingo a partir das 12:00 horas no Anexo do Pazo dous Deportes.



María Corredoira e Maite nun lance do derbi capitalino



Eva tras capturar un rebote entre dúas xogadoras rivais



Yashina a piques de lanzar a canastra ante Bosco



O plantel do Suministros Carreira San Ciprián celebrando o ascenso ao remate do último encontro disputado no Municipal da Veiga correspondente á fase de ascenso

San Ciprián é de Liga Galega

O CONXUNTO QUE DIRIXE MANOLO COBAS COMPETIRÁ NA PRIMEIRA DIVISIÓN CADETE tras confirmar o seu dominio na Provincia a tempada pasada co ascenso á máxima categoría

BETANZOS		S. CIPRIÁN	
43		103	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Petis		Hugo Coto	4
Jaco		Antón	2
Luis		Mario	18
Antón		Carlos	13
Fer		Manuel	6
Brais		Miguel	8
Luca		Marcos	6
Kerlin		Manu	6
Iago		Hugo Cobas	32
Dani		Diego	8
Wences			

O Suministros Carreira San Ciprián estará entre os mellores equipos de Galicia cadete. Por primeira vez unha Primeira División fará

"FELICITO A TODOS LOS JUGADORES POR CONSEGUIR UNA PLAZA PARA JUGAR EN LA LIGA GALLEGA ESTA TEMPORADA"

MANOLO COBAS - San Ciprián

escala en San Cibrao tralo ascenso consumado este fin de semana.

Os de Manolo Cobas dominaron a Liga Provincial a pasada tempada pero o ascenso resistíuselles a finais de curso. O deporte deulle moi pronto unha segunda oportunidade e nesta ocasión a gloria xa



Manolo Cobas mantelado polos seus xogadores

non se lles escapou.

Os mariños tiveron que recortar as vacacións pero puxéronse ao choio en

pleno mes de agosto para preparar da mellor forma a fase de ascenso. O sorteo emparellounos con Maristas

Coruña, Betanzos, Bosco Salesianos e CAB Pontevedra.

Os de Manolo Cobas eran conscientes do seu potencial e de que o primeiro de grupo daría o salto de categoría. Bosco Salesianos presentábase como o rival a bater e o duelo directo non se fixo esperar, medíndose os dous equipos na segunda xornada no Municipal da Veiga.

Co factor pista a favor San Ciprián non deixou pasar a oportunidade e impúxose cun 88-69 que facilitaba o camiño.

O Suministros Carreira San Ciprián dependía de si mesmo para estar na Liga Galega. Por diante dous encontros nos que era favorito e plasmouno sobre a pista nunha dobre xornada que se viviu o pasado fin de semana.

Unha vitoria ante calquera dos dous últimos clasificados valía un ascenso e os de Manolo Cobas selárono á primeira ocasión tras impoñerse na casa a Maristas. 92-43, polo que viaxaron a Betanzos como equipo da Liga Galega.

O Ría de Ribadeo e a súa xeración dourada volvérono a conseguir

ANO TRAS ANO O CLUB MARIÑO SUPÉRASE E ESTA TEMPADA DEU UN SALTO DE XIGANTE ao levar por primeira vez a Ribadeo á Liga Galega cadete cun grupo de xogadores que seguen facendo historia

MARÍN		RIBADEO	
47		60	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Jorge		Iker	26
Alfonso		Anxo	6
Diego		Cristian	13
Brais B.		Dario	2
Brais G.		Joaquín	
Iago		Dani	
Simón		Manu	13
Mario		Simón	
Xavi			
Felipe			

A Liga Galega cadete masculina tamén fará escala esta tempada en Ribadeo. O club local segue poñendo no mapa baloncestístico ao Concello mariño da man dunha xeración dourada que non parece satisfacerse nunca e que xogará por cuarta tempada nunha máxima categoría, nesta ocasión a cadete.

O conxunto que dirixe Sama empezou de tapado a

"MERECIDÍSIMO ASCENSO PARA ESTE GRUPO DE CHICOS QUE HAN TRABAJADO MUCHO PARA CONSEGUIRLO. CUARTA LIGA GALLEGA PARA ESTA GRAN GENERACIÓN, TODO UN ÉXITO CHICOS!!"

SAMA - Ría Ribadeo

fase de ascenso pero a base de traballo e máis traballo chegou o bo baloncesto e as opcións foron crecendo xornada tras xornada.

O campión de cada grupo ascendía directo e o Ría de Ribadeo quedou emparellado con tres clubs de renome en Galicia: Club Ourense Baloncesto, Xuven Cambados e Marín.

O traxecto empezou da mellor forma posible, recibindo a Cambados e impoñéndose por un claro 75-42 que encheu o depósito de confianza para os de Sama.

Na segunda xornada confirmaron as expectativas

ante Club Ourense Baloncesto ao impoñerse por 84-55 polo que o ascenso xogábase a unha carta ante Marín.

Ter o obxectivo tan preto e xogalo a domicilio fixo que os nervios fixesen acto de presenza ao comezo do encontro, xogando o equipo máis agarrado que de costume, pero aos poucos Ribadeo empezou a entrar en calor e tomou o mando no marcador cun primeiro parcial de 12-17.

No segundo a defensa de Ribadeo secou a Marín e a diferenza ampliouse ata o 18-34 co que se chegou ao descanso.

Por diante 20 minutos e



O Ría de Ribadeo cadete celebrando o ascenso ao remate do encontro en Marín

16 puntos de vantaxe. Unha renda que se esfumou nada máis empezar a segunda parte cun parcial en contra de 12-0.

Nos peores momentos Ribadeo apelou á forza do grupo, púxose o mono de traballo en defensa e volveu poñer as cousas no seu

síntoma cun parcial de 0-7 que devolveu a renda ata os 15 puntos deixando a Marín sen poder de resposta e con Ribadeo na Liga Galega.



O conxunto cadete do Ensino xunto ao seu adestrador, Adrián González, celebrando o ascenso á Liga Galega cadete na pista do Anexo

Histórico ascenso do Ensino Lugo á Liga Galega

NOS 39 ANOS DE EXISTENCIA DO CLUB CAPITALINO, por primeira vez un equipo masculino de base ten asegurada a súa presenza nunha Primeira División

ENSINO	PORRIÑO
83	60
Xogador	Xogador PTS.
Yoel Otero	Lourán
Samuel V.	Bejar
Manuel Durán	Cortiñas
Manuel Ruano	Bugarín
Pablo Díaz	Mazou
Manu Martínez	Vilas
Iago Carreira	Geada
Juan Bao	Gomes
Alejandro Bao	Salinas
Joel López	Rodríguez
Jose Glez.	Ruiz
	Martínez

“UNA VICTORIA SUFRIDA MAS DE LO QUE REFLEJA EL MARCADOR, PERO UN BUEN TRABAJO DE TODOS LOS JUGADORES”

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

copios de mes encadrados no grupo D da fase de ascenso cadete masculina con Blanco Amor, Porriño e Estudiantes Pontevedra. O ansiado debut foi en Pontevedra ante Estudiantes, e Ensino deixou claras as súas intencións desde o primeiro momento tras impoñerse 26-106. Na segunda xornada, tamén disputada a domicilio, o Ensino volveu de Ourense cunha nova vitoria, 38-71, polo que o ascenso xogárase en casa ante Porriño.

A cita que xa é histórica é a do 21 de setembro do 2019. Este día o Ensino impúxose a Porriño e certificou a súa presenza

nunha máxima categoría do baloncesto base masculino.

Ensino quixo marcar distancias desde os primeiros minutos, e cunha boa defensa e acerto no tiro exterior logrou abrir vantaxes no marcador que chegaron a roldar os 20 puntos no primeiro parcial.

A partir de aí Porriño empezou a dominar o rebote ofensivo, e na recta final da primeira parte enlazaron un par de bos ataques para recortar distancias no marcador, chegando a baixar da barreira dos dez puntos.

Ao comezo da segunda parte o xogo interior de Ensino diluíuse pero o acerto no tiro fixo que volveuse tomar vantaxe e no último cuarto puxeron a puntilla a un peleón Porriño que tan só puido presenciar a festa do ascenso que se viviu no Anexo ao final do encontro.



Joel a piques de desbordar a un defensa visitante no Anexo



Bao lanzando a canastra tras capturar un rebote ofensivo



Carreira penetrando a canastra entre dous defensas



Os xogadores do Ensino Lugo celebrando o ascenso antes de rematar o encontro

Burela vendeu moi cara a derrota ante o campión invicto

22-15 no último parcial para o conxunto que dirixe Nacho Mota

CB BURELA	GIRALDO
47	50
Xogadora PTS.	Xogadora PTS.
Aldara 3	H. del Río
Sara 18	C. del Río
Sofía 3	Torre
Ainoa 0	Andrés
Marta 8	Pérez
Nuria 2	Juequen
Sandra 3	Otero
Claudia 2	Ferreiros
Lia	
Iria 2	
Carme 2	
Ana 6	

“AUNQUE SOMOS UN EQUIPO INFERIOR FÍSICAMENTE, FUIMOS CAPACES DE COMPETIR HASTA EL FINAL”

NACHO MOTA - CB Burela

O Academia A Mariña Burela despediu a súa participación na fase de ascenso á Liga Galega cadete. O conxunto mariñoño ficou con mellores sensacións do que indica a clasificación final do Grupo A no que quedaron encadradas, e unha boa mostra diso foi o último encontro no que perderon por tan só tres puntos ante un Giraldo que terminou campión e con pleno de vitorias.

Burela foi de menos a máis na fase de ascenso, e neste último encontro as de Nacho Mota debutaron cunha derrota ante Seis do Nadal, 35-67, melloraron no segundo, no que caeron ante Basquet Coruña 51-46 e venderon moi cara a derrota ante Giraldo 47-50.

Neste partido as lucenses multiplicáronse para competir ante un rival fisicamente superior, e ante a falta de lucidez nalgunhas faases apelaron á loita e o esforzo para chegar aos últimos minutos con opcións de remontada tras un último parcial de 22-15, poñendo o punto e final á preparación de face a esta tempada con moi boas sensacións tras ir de menos a máis ao longo da cara de ascenso na que perderon o primeiro partido por 32 puntos, o segundo por cinco e o terceiro por tan só tres, deixando claro que con máis marxe de competición poderían loitar polo salto de categoría.

JUNIOR MASC. COPA GALICIA G.B**RESULTADOS**

Estudiantes - C. Ourense	69-50
Culleredo - Sigaltec	64-56

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	4	4	0	0	312	250
CB TUI MASCATO	3	2	1	0	244	220
KFC CULLEREDO	3	1	2	0	196	233
SIGALTEC	3	1	2	0	196	178
C. OURENSE	3	0	3	0	172	239

ÚLTIMA XORNADA

Club Ourense - Culleredo
Sigaltec - CB Tui

JUNIOR FEM. COPA GALICIA G.A**RESULTADOS**

Celta - Bosco	88-36
Rosalía - Estudiantes	75-61

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CELTA ZORKA	3	3	0	0	229	133
ESTUDIANTES	4	2	2	0	223	238
DURAN ENSINO	3	2	1	0	171	176
INSTITUTO ROSALÍA	3	1	2	0	173	183
BOSCO	3	0	3	0	159	225

ÚLTIMA XORNADA

Bosco - Rosalía
Durán Ensino - Celta

FASES DE ASCENSO A LIGA GALEGA**CADETE MASC. ASCENSO G.A****RESULTADOS**

Marín - Ría de Ribadeo	47-60
C. Ourense - X. Cambados	76-57

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CB RÍA DE RIBADEO	3	3	0	0	219	144
CLUB OURENSE	3	2	1	0	186	186
MARÍN	3	1	2	0	147	168
XUVEN CAMBADOS	3	0	3	0	152	206

CADETE MASC. ASCENSO G.C**RESULTADOS**

Maristas C. - Bosco	21-88
Betanzos - San Ciprián	43-103

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
SAN CIPRIAN	4	4	0	0	357	195
BOSCO "04"	4	3	1	0	291	167
CAB UMANA	4	2	2	0	202	246
MARISTAS CORUÑA	4	1	3	0	213	338
BETANZOS	4	0	4	0	214	331

CADETE MASC. ASCENSO G.D**RESULTADOS**

Ensino Lugo - PBB A	85-60
Estudiantes S. - B. Amor	29-72

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ENSINO LUGO	3	3	0	0	262	124
EDO BLANCO AMOR	3	2	1	0	190	173
PBB A	3	1	2	0	218	201
ESTUDIANTES S	3	0	3	0	91	263

INFANTIL FEM. ASCENSO G.C**RESULTADOS**

Burela - Montrove	81-32
Pontumio - X. Cambados	61-49

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
BURELA	3	3	0	0	199	119
PONTUMIO	3	2	1	0	195	158
XUVEN CAMBADOS	3	1	2	0	141	145
MONTROVE	3	0	3	0	107	220

PRE-INFANTIL FEM. NORTE**RESULTADOS**

Ensino Lugo - Burela
Esclavas - B. Coruña
Los Rosales - C. Artabra
Baxi Ferrol - Estudiantes

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ENSINO LUGO	0	0	0	0	0	0
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
BURELA	0	0	0	0	0	0
ESCLAVAS	0	0	0	0	0	0
B. CORUÑA	0	0	0	0	0	0
LOS ROSALES	0	0	0	0	0	0
C. ARTABRA	0	0	0	0	0	0
BAXI FERROL	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - Los Rosales
Estudiantes - Esclavas
Burela - Baxi Ferrol
C. Artabra - Ensino Lugo

PRE-INFANTIL MASC. NORTE**RESULTADOS**

Culleredo - Celtas Foz
T. Molina - C. Artabra
Maristas C. - Estudiantes
B. Coruña - Aringal

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CELTAS FOZ	0	0	0	0	0	0
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
CULLEREDO	0	0	0	0	0	0
TIRSO DE MOLINA	0	0	0	0	0	0
B. CORUÑA	0	0	0	0	0	0
MARISTAS CORUÑA	0	0	0	0	0	0
ARINGAL	0	0	0	0	0	0
C. ARTABRA	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

Aringal - Maristas Coruña
Celtas Foz - Tirso de Molina
Estudiantes - Culleredo
C. Artabra - B. Coruña

FINALIZADA FASE DE ASCENSO

Ascendido :
CLUB RÍA DE RIBADEO

FINALIZADA FASE DE ASCENSO

Ascendido :
SAN CIPRIÁN

FINALIZADA FASE DE ASCENSO

Ascendido :
ENSINO LUGO

FINALIZADA FASE DE ASCENSO

Ascendido :
CB BURELA

FASE DE ASCENSO JUNIOR MASCULINO**JUNIOR MASC. ASCENSO G.A****RESULTADOS**

Durán Ensino - Seis Nadal	70-81
C. Artabra - B. Coruña	50-82

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
BASQUET CORUÑA J	3	2	1	0	237	191
DURÁN ENSINO	3	2	1	0	248	191
SEIS DO NADAL	3	2	1	0	234	208
COSTA ARTABRA	3	0	3	0	143	272

FINALIZADA A 1ª FASE**JUNIOR MASC. ASCENSO G.C****RESULTADOS**

CB Viveiro - Novobasket	55-52
R. Baixas - Betanzos	68-43

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CB VIVEIRO	3	3	0	0	198	165
NOVOBASKET	3	2	1	0	200	145
RIAS BAIXAS	3	1	2	0	168	182
BETANZOS	3	0	3	0	146	220

FINALIZADA A 1ª FASE**JUNIOR MASC. F. FINAL ASCENSO****SEMIFINAIS**

CB VIVEIRO 33-49 XIRIA ARTAI

SEMIFINAIS

MARÍN PEIXEGALEGO **63-92** DURÁN ENSINO

FINAL

XIRIA ARTAI --- **DURÁN ENSINO**

CADA **MARTES**
TODA A INFORMACIÓN DO
BALONCESTO BASE LUCENSE
EN

1. Líder BASKET



As xogadoras do Academia A Mariña Burela celebrando o ascenso á máxima categoría do baloncesto feminino ao remate do encontro en Vista Alegre ante Montrove

O Burela culminou a xesta do curso pasado

O **ACADEMIA A MARIÑA** xogará na Liga Galega infantil tras asinar o ascenso que se lles resistiu AS de Madar fai uns meses

CB BURELA		MONTROVE	
81		32	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Sara P.	25	Negreira	
Sabela	9	Mateos	
Cecilia	9	Fernández	
Lucía	6	Cuervo	
Candela	10	Larrosa	
Laura	10	Gracia	
Henar	8	Vila	
Sara L.	2	López	
Paula	2	Seijo	
Zaida		Carpente	
Andrea		Fernández	

14

ANTE PONTUMIO O equipo de Carlos Madar resolveu cun 68-54 o primeiro encontro da fase de ascenso ante Pontumio na cancha de Vista Alegre

17

ANTE XUVEN CAMBADOS As burelãs tampouco cederon a domicilio e venceron por 33 a 50 ao Xoven Cambados, asegurando a primeira praza

49

ANTE MONTROVE Co ascenso no peto, o CB Burela deu unha última exhibición en Vista Alegre, onde superaron a Montrove 81 a 32

"FELICIDADES A LAS JUGADORAS, QUE SE LO HAN TRABAJADO TODO EL VERANO ENTRENANDO DOS VECES AL DÍA CASI TODOS LOS DÍAS DESDE EL 22 DE JUNIO. UN ESFUERZO INCREÍBLE QUE TUVO SU MERECIDA RECOMPENSA"

MADAR - CB Burela

O Academia A Mariña CB Burela infantil xogará a vindeira temporada en Liga Galega. As mariñás acompañarán a Estudiantes na máxima categoría tras unha fase de ascenso brillante con tres vitorias.

O equipo de Carlos Madar comezou a finais de xuño a preparar unha cita que se presentaba como gran meta despois de lograr o título provincial ante Ensino a pasada temporada.

Non puido ser no primeiro intento, no que uns malos minutos contra o BAsquet Coruña cercenaron as súas opcións antes do último encontro, que disputaron o 10 de xuño.

Sen tempo para lamentarse, apenas dúas semanas despois, volveron aos adestramentos coa vista posta na fase de ascenso a disputar en setembro.

O traballo diario tivo recompensa para o equipo de Madar, que mantivo o rumbo fixo cara a Liga Galega infantil feminina desde o inicio da Fase clasificatoria.

O sorteo encadrou ao

Academia A Mariña CB Burela no Grupo C canda Pontumio Panadería Puente, Xoven Cambados e Montrove.

O reto era conseguir a primeira praza do grupo para asegurar o ascenso directo e non precisar o comodín da fase final que se xogará a vindeira fin de semana.

O primeiro escollo no camiño das burelãs foi o Pontumio, que chegou a Vista Alegre como un dos favoritos ao ascenso. O primeiro parcial rematou coas espadas en alto por parte dos dous equipos, 14 a 14, pero tras os primeiros dez minutos o CB Burela foi afianzando o seu dominio e aumentando aos poucos a vantaxe, 17 a 12 no segundo parcial, 16 a 10 no terceiro e 21 a 18 no derradeiro período.

A segunda cita para as de Madar foi a domicilio, ante o Xoven Cambados, que viña de gañar o primeiro partido. Estaba en xogo o liderado do grupo e o billete para o

ascenso.

Durante a primeira metade mantívose a igualdade pero, tras o paso polos vestiarios, o equipo burelao tomou o mando do partido e asegurou a vitoria con parcial de 3-8 e 10-18.

Así, o Academia A Mariña CB Burela chegaba ao último partido cos deberes feitos para celebrar a xesta en Vista Alegre.

Celebrárono co mellor baloncesto, cun primeiro cuarto case perfecto ante Montrove, que asistiu sen

resposta á exhibición das burelãs, 31-4.

A partir de aí, as locais baixaron o ritmo en defensa e xogaron máis relaxadas, cedendo o terceiro cuarto sen maior transcendencia para o marcador. De feito, no derradeiro período volveron pisar o acelerador e asinaron un parcial de 24 a 3 que deixou a diferenza entre os dous equipos en 49 puntos.

Co remate do encontro iniciouse a festa polo ascenso sobre a pista do Pavillón Municipal de Vista Alegre, que será escenario e testigo ao longo da presente tempada dos encontros do conxunto de Madar na Liga Galega infantil feminina.



Cecilia a piques de gañar unha acción de un para un



Sara Pedreira coa pelota tras superar a unha rival



A burelã Candela baixo o aro entre dúas defensas



O cadro burelao xunto ao seu adestrador, Carlos Madar, posando para Lider tras lograr o ascenso á Liga Autonómica

CARREIRA DE OBSTÁCULOS WSF CHANTADA

UNS 800 DEPORTISTAS PARTICIPARON NA PROBA válida para o campionato de España dunha disciplina en crecemento. Damián Espasandín e Paula Esteiro foron os gañadores na modalidade elite



Un dos momentos da carreira de obstáculos Wolf Survive Race disputada esta fin de semana en Chantada coa participación duns oitocentos deportistas | Segundo Navaza

Uns 800 deportistas participaron esta fin de semana na segunda edición da carreira de obstáculos Wolf Survive Race, que se disputou esta fin de semana en Chantada. Un esixente circuito, de entre sete e once quilómetros con máis de 20 obstáculos, agardaba aos participantes, que superaron en 300 aos da pasada edición. "Un récord absoluto" apunta Néstor Quiroga, do club organizador OCR Chantada Corazón de Galicia.

A proba disputouse en dúas modalidades, elite, para deportistas que competiron co obxectivo de sumar puntos de cara ao campionato de España, e popular, aberta á crecente afección a esta novidosa disciplina, que botou axiña raíces nunha vila moi vencellada ao deporte.

As carreiras de obstáculos esixen aos deportistas unha mestura de resistencia, forza, flexibilidade, velocidade e coordinación, que se pon a proba en circuitos con diferentes escollos tanto naturais como artificiais.

O deputado de Deportes, Efrén Castro, interesouse o sábado polas estruturas e espazos habilitados para retar a condición física dos participantes. "a parte menos visible pero tamén a máis

laboriosa na organización da proba. "Traballamos cuns mínimos que marca a normativa pero o deseño do circuito, a base de imaxinación e de probas, ensaio erro, facémola nos".

Damián Espasandín e Paula Esteiro foron os gañadores na categoría elite, que forma parte dos circuitos da Liga e da Copa Galicia, que conta cuns 2.700 atletas inscritos. Brais Otero e Cristhian Zarta completaron o podio masculino; e Carmen Cid e Andra Azkune, o feminino.

Mais aló da participación elite, o crecemento da proba chantadina, organizada polo club OCR Corazón de Galicia, tamén quedou patente na gran capacidade de convocatoria das carreiras fóra dos formatos competitivos como a carreira popular, que situou a Guillermo Aponte e Sandra Ferreiro no máis alto do podio.

Unha das novidades desta segunda edición da WSR foi a proba para nenos e nenas, que se encargaron de inaugurar a fin de semana nun circuito habilitado no parque Eloisa Rivadulla. Ademais, introduciuse tamén outra modalidade participativa coa proba de relevos, na que os deportistas participaron en equip en circuitos de 11 e 6 quilómetros.



Efrén Castro e Néstor Quiroga, organizador, na visita ao circuito da proba chantadina